


DECÁLOGO DE INFORMACIÓN PARA O USUARIO DE SISTEMAS PERSONALIZADOS DE DOSIFICACIÓN (SPD)

É moi importante que coñeza a seguinte información



1 ACUDA sempre á mesma farmacia.

A que elixiu cando foi incluído no programa. No caso de que decida prescindir do servizo ou cambiar de farmacia, debe **notificalo** no **centro de saúde e na farmacia**.



2 LEVE o informe de derivación e a bolsa de medicamentos á primeira consulta no centro de saúde.

Inclúa na bolsa todos os medicamentos que toma habitualmente, os que toma de cando en vez, os que non precisan receita médica e os complementos.



3 PROPORCIONE os seus datos persoais e a información dos tratamentos actualizados ao/á farmacéutico/a, por se fose necesario poñerse en contacto con vostede.



4 Os medicamentos sobrantes quedarán baixo a custodia do/a farmacéutico/a para a seguinte preparación. O/a farmacéutico/a entregarlle aparte os medicamentos que non poden incluírse no SPD.



5 POÑASE EN CONTACTO co seu médico cando sexa necesario para que na farmacia poidan dispoñer de receitas con suficiente antelación para a preparación do SPD.



6 LEVE á farmacia os SPD anteriores cando recolla un novo, e facilite ao/á farmacéutico/a toda aquela información necesaria para o seguimento do programa.



7 CONTACTE canto antes coa farmacia cando ó acudir a consulta ou ingresar nun hospital o/a médico/a realice algún cambio na súa medicación e aporte os informes que o xustifiquen.



8 PRESENTE na farmacia a folla de medicación activa cada vez que lla dea o seu médico, especialmente tras un cambio ou axuste de tratamento.



9 O/a farmacéutico/a poderá poñerse en contacto co equipo de atención primaria para aclarar dúbidas do seu tratamento.



10 MANTEÑA O SPD fóra do alcance dos nenos, nun lugar fresco, seco e afastado da luz do sol ou fonte de calor.



Para calquera dúbida consulte co seu/súa farmacéutico/a.
Os datos da farmacia están dispoñibles na etiqueta do SPD.